

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DA PRESIDENCIA

**11191** *Real decreto 1120/2012, do 20 de xullo, polo que se modifica o Real decreto 140/2003, do 7 de febreiro, polo que se establecen os criterios sanitarios da calidade da auga de consumo humano.*

O Real decreto 140/2003, do 7 de febreiro, polo que se establecen os criterios sanitarios da calidade da auga de consumo humano, fixa os parámetros e valores paramétricos que se deben cumprir no punto onde se pon a auga de consumo humano á disposición do consumidor e establece a necesidade de cumprir os criterios de calidade previstos nesta, así como os programas de control de calidade da auga de consumo humano que se deberán adaptar ás necesidades de cada abastecemento.

As características especiais dos abastecementos de auga nas Forzas Armadas, relacionadas coa súa inherente mobilidade e operatividade, con instalacións repartidas por toda a xeografía nacional, situadas en núcleos urbanos ou en bases e destacamentos afastados das cidades, onde a auga de consumo humano pode ser procedente de abastecementos municipais, propios ou mixtos, e o uso cada vez máis frecuente de alxibes e cisternas, debido á participación en operacións no exterior, fai necesario establecer un programa específico para o ámbito das Forzas Armadas da vixilancia sanitaria das augas de consumo humano.

Por outra parte, o artigo 13 do Real decreto 454/2012, do 5 de marzo, polo que se desenvolve a estrutura orgánica básica do Ministerio de Defensa, establece que a Inspección Xeral de Sanidade da Defensa é o órgano ao cal lle corresponde a planificación e desenvolvemento da política sanitaria, e sinalase entre as súas funcións a de xestionar a rede sanitaria militar e a ordenación farmacéutica, así como coordinar as actividades sanitario-periciais e de prevención sanitaria no ámbito da defensa.

Neste mesmo sentido, a disposición adicional segunda da Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, establece que, no ámbito das Forzas Armadas, a Inspección Xeral de Sanidade da Defensa coordinará coas outras autoridades sanitarias as accións encamiñadas ao cumprimento dos obxectivos da referida lei, e realizará, no seo das Forzas Armadas, as accións necesarias para o cumprimento das súas disposicións.

Este real decreto ten como obxectivo modificar o Real decreto 140/2003, do 7 de febreiro, co obxectivo de que este recolla as necesidades especiais dos abastecementos de augas nas Forzas Armadas.

Na elaboración deste proxecto normativo a Comisión Interministerial para a Ordenación Alimentaria emitiu o seu preceptivo informe, de acordo co establecido no artigo segundo, punto dous, do Real decreto 1456/1982, do 18 de xuño, polo que se regula a dita comisión.

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.4.<sup>a</sup> da Constitución.

Na súa virtude, por iniciativa do ministro de Defensa, por proposta dos ministros de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, de Economía e Competitividade e de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 20 de xullo de 2012,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 140/2003, do 7 de febreiro, polo que se establecen os criterios sanitarios da calidade da auga de consumo humano.*

Engádesse unha nova disposición adicional, a sétima, no Real decreto 140/2003, do 7 de febreiro, polo que se establecen os criterios sanitarios da calidade da auga de consumo humano, redactada nos seguintes termos:

«Disposición adicional sétima. *Competencias do Ministerio de Defensa.*

1. As disposicións deste real decreto, cando afecten as unidades, centros e organismos pertencentes ao Ministerio de Defensa e os seus organismos públicos, serán aplicadas pola Inspección Xeral de Sanidade da Defensa, coordinando co Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, as comunidades autónomas e os municipios as accións que sexan necesarias.

2. No marco do Sistema de información nacional de auga de consumo, o Ministerio de Defensa comunicaralle ao Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade a información relativa ao control da auga de consumo humano que solicite no exercicio das súas competencias previstas no punto anterior.»

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.4.<sup>a</sup> da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre defensa e Forzas Armadas.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 20 de xullo de 2012.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia,  
SORAYA SÁENZ DE SANTAMARÍA ANTÓN